



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

MÉRCORES, 25 DE MARZO DE 2020

N.º 069

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

##### INFORMACIÓN PÚBLICA

Maderas Masma, SL solicita de Augas de Galicia a legalización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.70697

As obras solicitadas consisten na legalización de dúas naves situadas nas parcelas con referencias catastrais 000401500PJ31D0001FZ, 27027B005060040000LE e 27027B005060040001BR, na zona de policía do río Baos, no lugar de Vilanova, na parroquia de Santa María, no concello de Lourenzá (Lugo)

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 13 de marzo de 2020.- a xefa do Servizo Territorial de Lugo - Rocío Carreira Carral.

R. 0662

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS

##### Anuncio

Polo Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en data vinte e catro de marzo de dous mil vinte, ditouse a seguinte resolución:

“Logo de ver a proposta da Sra. Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo, do seguinte teor:

“O art. 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo regula a delegación de atribucións da Presidencia na Xunta de Goberno.

O art. 54 apartado 48 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo establece que é atribución do Presidente “o exercicio de accións xudiciais e administrativas en defensa dos actos en materia da súa competencia da Deputación Provincial, con carácter de urxencia, e nos demás casos de actos administrativos propios do Presidente/a, cando o considere oportuno ainda que realizase delegación na Xunta de Goberno”.

Por Decreto da Presidencia, de data 15 de marzo de 2020, dispúxose entre outros extremos, a suspensión das sesións periódicas ordinarias dos órganos colexiados da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno, Pleno e Comisións Informativas), co motivo do Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Coa finalidade de que a administración provincial continúe, na medida do posible, cun funcionamento normal e que os cidadáns non se vexan afectados, mais do imprescindible, procede adoptar as medidas necesarias para seguir ditando os actos administrativos precisos para que a actividade citada dos cidadáns vélase interrumpida do menor xeito posible.

O artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Régime Xurídico das Administracións Públicas establece que:

### **"Artículo 9. Delegación de competencias.**

*1. Los órganos de las diferentes Administraciones Públicas podrán delegar el ejercicio de las competencias que tengan atribuidas en otros órganos de la misma Administración, aun cuando no sean jerárquicamente dependientes, o en los Organismos públicos o Entidades de Derecho Público vinculados o dependientes de aquéllas.*

*En el ámbito de la Administración General del Estado, la delegación de competencias deberá ser aprobada previamente por el órgano ministerial de quien dependa el órgano delegante y en el caso de los Organismos públicos o Entidades vinculados o dependientes, por el órgano máximo de dirección, de acuerdo con sus normas de creación. Cuando se trate de órganos no relacionados jerárquicamente será necesaria la aprobación previa del superior común si ambos pertenecen al mismo Ministerio, o del órgano superior de quien dependa el órgano delegado, si el delegante y el delegado pertenecen a diferentes Ministerios.*

*Asimismo, los órganos de la Administración General del Estado podrán delegar el ejercicio de sus competencias propias en sus Organismos públicos y Entidades vinculados o dependientes, cuando resulte conveniente para alcanzar los fines que tengan asignados y mejorar la eficacia de su gestión. La delegación deberá ser previamente aprobada por los órganos de los que dependan el órgano delegante y el órgano delegado, o aceptada por este último cuando sea el órgano máximo de dirección del Organismo público o Entidad vinculado o dependiente.*

*2. En ningún caso podrán ser objeto de delegación las competencias relativas a:*

*a) Los asuntos que se refieran a relaciones con la Jefatura del Estado, la Presidencia del Gobierno de la Nación, las Cortes Generales, las Presidencias de los Consejos de Gobierno de las Comunidades Autónomas y las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas.*

*b) La adopción de disposiciones de carácter general.*

*c) La resolución de recursos en los órganos administrativos que hayan dictado los actos objeto de recurso.*

*d) Las materias en que así se determine por norma con rango de Ley.*

*3. Las delegaciones de competencias y su revocación deberán publicarse en el «Boletín Oficial del Estado», en el de la Comunidad Autónoma o en el de la Provincia, según la Administración a que pertenezca el órgano delegante, y el ámbito territorial de competencia de éste.*

*4. Las resoluciones administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia y se considerarán dictadas por el órgano delegante.*

*5. Salvo autorización expresa de una Ley, no podrán delegarse las competencias que se ejerzan por delegación.*

*No constituye impedimento para que pueda delegarse la competencia para resolver un procedimiento la circunstancia de que la norma reguladora del mismo prevea, como trámite preceptivo, la emisión de un dictamen o informe; no obstante, no podrá delegarse la competencia para resolver un procedimiento una vez que en el correspondiente procedimiento se haya emitido un dictamen o informe preceptivo acerca del mismo.*

*6. La delegación será revocable en cualquier momento por el órgano que la haya conferido.*

*7. El acuerdo de delegación de aquellas competencias atribuidas a órganos colegiados, para cuyo ejercicio se requiera un quórum o mayoría especial, deberá adoptarse observando, en todo caso, dicho quórum o mayoría."*

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que confire á Presidencia da Deputación o artigo 34 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o art. 54, apartado 48, do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, no Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e disposicións legais posteriores, e en relación coa Resolución de 13 marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (CECOP), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, e demáis disposicións legais de aplicación, propoño á Presidencia a adopción da seguinte resolución:

**PRIMEIRO.-Revocar a delegación das atribucións da Presidencia recollidas no art. 59 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en tanto permaneza vixente o estado de alarma.**

**SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno e ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na primeira sesión ordinaria que celebren ditos órganos.**

**TERCEIRO.- Notificar o presente Decreto ás diferentes unidades da Deputación Provincial de Lugo e aos deputados e deputadas que componen a Corporación".**

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes".**

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo a vinte e catro de marzo de dous mil vinte.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca.- A SECRETARIA, María Esther Alvarez Martínez.

R. 0669

## CONCELLOS

### RÁBADE

#### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **11 de marzo de 2020** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de febreiro de 2020**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 11 de marzo de 2020.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0663

## XERMADE

#### *Anuncio*

#### **aprobación inicial do expediente de modificación de bases de ejecución do orzamento do exercicio 2020 (base 51.2).**

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión extraordinaria que se levou a cabo o día 11/03/2020, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación das bases de ejecución do orzamento do exercicio 2020, en concreto da base 51.2, na que se contemplan as subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Xermade, 13 de marzo de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0664

#### *Anuncio*

#### **Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2020/SC/01.**

Tendo sido definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de suplemento de crédito 2020/SC/01, por importe de 16.750,08 euros, por acordo adoptado en sesión celebrada o 13 de febreiro de 2020, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, públicase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuadas as oportunas modificacións, quedando como se detalla:

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
<b>A) OPERACIÓNES CORRENTES</b>			
1	Gastos de persoal	397.155,64	397.155,64
2	Gastos en bens correntes e servicios	1.242.791,22	1.259.541,30

3	Gastos financieros	800,00	800,00
4	Transferencias correntes	59.489,85	59.489,85
5	Fondo de Continxencia	9.648,81	9.648,81
<b>B) OPERACIÓN DE CAPITAL</b>			
6	Investimentos reais	257.336,51	257.336,51
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>1.967.222,03</b>	<b>1.983.972,11</b>

Xermade, 17 de marzo de 2020.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0668